

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
O DÍA 16/05/2023  
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

**PRESIDENTE**

ALBERTO VARELA PAZ

**CONCELLEIROS/AS**

Lista de asistentes

LINO MOURIÑO SANTIAGO

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

ARGIMIRO SERÉN MERA

DIEGO GARCIA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

MATILDE LAYA LORENZO

**SECRETARIA**

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

**INTERVENTORA**

MARIA BERMUDEZ OUTON

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 16/05/2023 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 08-may-2023, que se aprobou por unanimidade.

## **RÉXIME INTERIOR**

### **PRP2023/1829**

Dáse conta do escrito presentado pola Anpa A Escardia solicitando a implantación dunha parada de autobús intermedia na ruta do transporte escolar entre as paradas de A Torre e O Ramal, con orixe/destino ó IES Carril, empregando a que na actualidade está situada fronte ao CEIP A Escardia.

Dáse conta de informe da Policía Local, no que se indica que dende o punto de vista do tráfico non suporía ningún problema, unicamente habería que ampliar o horario en que está reservada á parada ó transporte escolar pola mañá e a maiores reservala os martes na quenda de tarde, mediante a modificación do panel adicional que complementa o sinal.

A Xunta de Goberno Local acorda apoiar a solicitude formulada pola ANPA A Escardia e solicitar á Consellería de Educación e Consellería de Infraestruturas e Mobilidade aprobación da citada parada fronte ao CEIP A Escardia.

### **PRP2023/1831**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que a empresa WOLTERS KLUWER ESPAÑA S.A. comunicou ao Concello o cambio de nome fiscal mediante rexistro telemático nº WEB2023001529, con data 07/03/2023 (adxunta copia do CIF). A nova denominación social é LA LEY SOLUCIONES LEGALES, S.A., mantendo o mesmo CIF.

O Concello adxudicou na X.G.L. do día 23/01/2023 varios mantementos á empresa WOLTERS KLUWER ESPAÑA S.A., debido ao cambio de nome fiscal as facturas correspondentes a estes mantementos serán presentadas pola empresa LA LEY SOLUCIONES LEGALES, S.A.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2023/1745**

Dáse conta de escrito presentado por D. Fernando Iglesias Rey, solicitando o pintado de sinalización horizontal no vao permanente situado en Avda. de Rubiáns nº 82.

Segundo o informe da Policía Local co fronte á vía pública está colocada unicamente a placa de vao permanente nº 2044, tendo autorizado a maiores e colocada no interior dunha zona privada tamén o número 2046.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que conforme ao disposto no punto 3, do Art. 64 da vixente Ordenanza de Circulación, corresponde a sinalización e mantemento dos vaos permanentes ós adxudicatarios da licenza, procedendo unicamente a sinalizar o Concello cando se efectúa a sinalización completa de algunha rúa.

Así mesmo comunícaselle que deberán colocar as placas de vao permmanente no exterior, con fronte á vía pública.

Previamente á realización dos traballos por parte do solicitante, no suposto de levarse a cabo, deberá poñerse en contacto coa Policía Local.

**PRP2023/1852**

Dáse conta de escrito presentado por D. Mario Trigo Hombre, en representación da Asociación Autismo Bata, en relación coa colocación de sinalectica para facilitar a accesibilidade cognitiva dos colexios electorais nas próximas Eleccións Municipais para as persoas con discapacidade intelectual e/ou autismo.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2023/1853**

A Xunta de Goberno Local acorda o endoso a favor de D. Emilio Pumar Durán (Arquitecto Técnico Municipal), polo importe de 681,75 €, correspondente ao segundo prazo do seguro de responsabilidade civil subscrito con MUSAAT para o ano 2023, con cargo á partida orzamentaria 150-224.

**PRP2023/1861**

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa SL para a reparación do saneamento na Rúa Filgueira, por un importe total de 4.857,93 e (IVE incluído), con cargo á partida 160.210.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2023/1892**

Dáse conta que a Dona Maria del Carmen Iglesias Miguens, na declaración da Renda de 2022 (IRPF), lle figura unha subvención do Concello de Vilagarcía de Arousa por importe de 19.869,66 €. Dende o Concello quere poñerse de manifesto á Axencia Tributaria que, a Sra. Iglesias Miguens asinou no ano 2021 un convenio co Concello, polo que cedía una superficie de terreo da súa propiedade, de 77,28 m<sup>2</sup> para a mellora dun camiño.

Como contraprestación o Concello contratou coa Empresa PROMOREYBA SL a execución dun muro de peche na propiedade da Sra. Iglesias por Importe de 16.275,54 € (IVE incluído) e a instalación dun portal á empresa Cuevas SL por immporte de 3.594,12 €, empresas ás que se

pagou directamente. O tratamento contable do devandito convenio figura nas aplicacións contables de transferencias correntes a Dona M<sup>a</sup> Carmen Iglesias Miguens, non recibindo dita persoa ingreso económico de ningún tipo.

En ambos casos as cantidades citadas foron ingresadas dende o Concello a Promoreyba SL (16.275,54 €) e a Cuevas SL (3.594,12 €), pola construción do muro e a instalación do portal respectivamente.

## **BENESTAR SOCIAL**

### **BENESTAR SOCIAL**

#### **PRP2023/1822**

Pola Área de Servizos Sociais Servizos Sociais dáse conta á Xunta de Goberno Local da certificación emitida pola Xefatura Territorial de Política Social de Vigo en relación co pagamento do SAF correspondente ao 1º trimestre do ano 2023:

- Mes de xaneiro: 57.928,98 €
- Mes de febreiro : 57.122,23 €
- Mes de marzo: 58.517,53 €
- Total nómina neta 1º trimestre: 173.568,74 €

Total devengado: 173.568,74 €

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2023/1835**

Dende a Área de Servizos Sociais dáse conta á Xunta de Goberno Local da comunicación de pagamento remitida pola Dirección Xeral de Inclusión Social en relación ao anticipo do 50% no 1º cuadrimestre do 2023 da cantidade financiada en 2022 ao abeiro do disposto no artigo 47 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo pola que se regulan servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

-1º anticipo do 50% da transferencia finalista: 98.162,77€.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2023/1858**

Dáse conta de Proposta da Área de Servizos Sociais en relación coa convalidación de gastos executados baixo a modalidade de contrato menor de prestación de Servizo de Podoloxía.

O motivo é que o servizo continuou a súa prestación no mes de xaneiro coa mesma profesional do ano 2022 co gallo de non interrumpilo e repercutir negativamente nas persoas maiores beneficiarias do Servizo de Axuda no Fogar e deste servizo complementario. No proceso de aprobación do presuposto para o ano 2023, a proposta foi levada a Xunta de Goberno Local no mes de xaneiro e aprobada en data 16/01/2023 adxudicando o servizo de podoloxía para as persoas beneficiarias e usuarias do Servizo de Axuda no Fogar durante o ano 2023 a Pedro Lago Cascallar a partir dos seguintes meses do ano 2023.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda a convalidación do gasto, por un importe total de 127,50 €, con cargo á partida 231.22799, e o recoñecemento de obriga da seguinte factura:

- Montserrat Borrageiros Mariño con DNI35485778K: Factura N° P-23/05 de data 31 de xaneiro de 2023 por importe de 127,50 €, correspondente ao Servizo de podoloxía do mes de xaneiro

2023.

#### **PRP2023/1864**

Vista a Proposta da Área de Servizos sociais, a Xunta de Goberno Local acorda a apertura de prazo para a cobertura de prazas libres na Escola Infantil Municipal- período de verán nos meses de xullo e agosto de 2023:

- PRAZO de presentación de solicitudes : do 16 ao 26 de maio de 2023

Deberán ser presentadas mediante instancia xeral e incluír o modelo de solicitude de Escola Infantil, facendo constar que solicitan praza para a Escola de verán, especificando o/os mes/es para os cales se solicita a praza.

As solicitudes deben ir acompañadas xunto coa documentación completa, e deberán ser presentadas a través do rexistro presencial do Concello ou da sede electrónica.

O acceso ás prazas dispoñibles realizarase tendo en conta a orde de entrada das solicitudes completas.

#### **EMPREGO**

#### **PRP2023/1717**

O Concello de Vilagarcía de Arousa recibiu unha axuda do Ministerio de Comercio e Turismo para a posta en marcha do proxecto VILAGARCIA VIVA. PROXECTO DE MELLORA, REVITALIZACIÓN E RESILIENCIA DE MERCADOS TRADICIONAIS E ZONAS URBANAS COMERCIAIS, dentro da convocatoria de axudas para o apoio a Mercados, Zonas Urbanas Comerciais, comercio non sedentario e canles curtas de comercialización financiado pola Unión Europea-Next Generation EU.

O obxecto do contrato é a contratación dunha campaña de fomento de estratexias de economía circular que se desenvolverá na planta superior da praza de abastos de Vilagarcía de Arousa os días 24, 25 e 26 de maio de 2023, en horario de mañá, ou na data máis próxima posible.

O importe de licitación máximo, segundo prezos de mercado, é de 3.600,00 € (máis o correspondente IVE 756,00€) alcanzando un importe total de 4.356,00€, imputado á aplicación orzamentaria 4311-226101.

Para levar a cabo este servizo solicitáronse orzamentos ás empresas seguintes:

-ASOCIACIÓN DE PROFESIONAIS AMBIENTAIS GALICIA AMBIENTAL - CIF: G70540901.

A empresa remitiu orzamento pola contía de 2.735,74 € (+ IVE), dando un total de 3.310,20 € (IVE incluído).

- ASOCIACIÓN SLOW FOOD COMPOSTELA - CIF: G70531827

A empresa remitiu orzamento pola contía de 3.300,00 € (+ IVE), dando un total de 3.3993,00 € (IVE incluído).

- ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA ECOLÓXICA DE GALIZA (ADEGA) - CIF: G15044811

A empresa remitiu orzamento pola contía de 3.394,20 € (+ IVE), dando un total de 3.469,05 € (IVE incluído).

Revisada a documentación remitida, o resultado da valoración das ofertas e o seguinte:

EMPRESA	PREZO (SEN IVE)	PUNTUAC. PREZO	PUNTUAC. TÉCNICA	MEMORIA	TOTAL
ASOCIACIÓN DE PROFESIONAIS AMBIENTAIS GALICIA AMBIENTAL	2.735,74 €	75	20		95
ASOCIACIÓN SLOW FOOD COMPOSTELA	3.300,00 €	26,03	15		51,03
ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA ECOLÓXICA DE	3.394,20 €	17,86	15		32,8

Vista a proposta do Departamento de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto e a adxudicación do presente contrato á empresa ASOCIACIÓN DE PROFESIONAIS AMBIENTAIS GALICIA AMBIENTAL, C.I.F: G70540901, por importe de 2.735,74 € máis IVE (3.310,24 € IVE incluído), con cargo á partida 4311.2261018, de conformidade coa oferta presentada.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2023/1727**

Dáse conta da Orde do 21 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras en réxime de concorrencia competitiva, para o 2023, das axudas e subvencións para os Obradoiros duais de emprego, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, concibidos como programa de formación, práctica profesional e para incentivos á contratación temporal en empresas, respetando os principios de obxetividade, igualdade, transparencia e publicidade (TR353A)

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º- Aprobar o Proxecto de Obradoiro de Emprego OE FORME 2023 baseado na realización das seguintes obras de utilidade colectiva:

- Elaboración e mantemento de mobiliario para a revalorización dos espazos públicos naturais e urbáns en instalacións e edificios de titularidade municipal.
- Realización e acondicionamento de equipamentos e infraestructuras de albanelería en edificios e espazos de titularidade municipal.

Para a realización destas obras o número de persoas participantes será de 20 distribuídas nos módulos antes mencionados:

-Traballos e instalacións de elementos de carpintería e moble: Certificados de profesionalidade NIVEL 1 MAMD0209 E NIVEL 2 MAMS0108 e módulo profesional de lacados e barnizados MF0167\_1

- Fábricas de albanelería e operacións auxiliares de revestimentos e acabados: Certificado de profesionalidade NIVEL 1 EOGB0109, NIVEL 1 EOGB0209 E NIVEL 2 EOGB0108.

2º. Aprobar a solicitude á Consellería de Economía, Emprego e Industria da subvención correspondente de 531.046,2 €, distribuída do seguinte xeito:

MÓDULO A	MÓDULO B	SALARIOS ALUMNOS/AS-TRAB	SEGURIDADE SOCIAL ALUMNOS/AS-TRAB	TOTAL
150.144 €	42.240 €	302.400 €	36.262,2 €	531.046,2

3º. A aprobación da dotación orzamentaria, de 20.005 € para o financiamento municipal dos custos non subvencionados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, con cargo ao orzamento municipal do Concello (partida 2412.131)

## **XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

### **PRP2023/1842**

A Concelleira de Consumo con motivo da realización, o pasado día 4 de maio do evento: (IN)fórmate: 1ª Xornada Técnica sobre formación e futuro laboral por parte da Concellería de Xuventude, e dentro da colaboración interdepartamental, levou a cabo unha iniciativa para fomentar e favorecer, nos mozos/as participantes no evento, a adquisición de hábitos saudables de consumo e que estivo dirixida á aproximadamente 400 estudantes de 4ª de ESO, 1º de Bacharelato e 1º de Ciclos Medios e 1º de Ciclos Superiores de Formación Profesional dos

seguintes centros educativos:

IES Cotarelo, CIFP Fontecarmoa e IES O Carril e aos mozos/as estudantes do IES Castro Aobre e ao alumnado dos CPR: Sagrada Familia e San Francisco respectivamente.

O obxectivo xeral da actividade foi a de sensibilizar sobre a importancia de realizar actividade física e levar unha alimentación saudable, variada e equilibrada basada na dieta mediterránea, facendo especial fincapé, nesta xornada, no consumo de froitas e hortalizas e na diminución do consumo de bebidas azucaradas.

Á Vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación do gasto da actividade de fomento de hábitos de consumo saudables que ascendeu a unha cantidade total de 1650€ (IVE do 10% engadido) e o orzamento está presentado por D. Jorge López Negreira (“Cousa Rica”) e con CIF: 44834473K, con cargo á partida 2314.22624.

A actividade consistiu no seguinte:

Prestación dun servizo de zumes naturais e bebidas “Smoothies” (consistentes en batidos de froitas) para 400 rapaces/as estudantes dos centros educativos de Vilagarcía, arriba sinalados, que participaron na 1º Xornada Técnica sobre Formación e Futuro Laboral (organizado pola Concellería de Xuventude) o pasado día 4 de maio, no Auditorio.

## **TURISMO E MEDIO AMBIENTE**

### **MEDIO AMBIENTE**

#### **PRP2023/1830**

Dase conta da recepción no Departamento de Medio Ambiente da resolución da Deputación provincial de Pontevedra ,o 5 de maio de 2023,pola que se comunica a aprobación do gasto e a declaración de aboamento da cantidade de once mil catrocentos sesenta euros con sete céntimos (11.460,07 euros) a favor do Concello de Vilagarcía de Arousa correspondente ao 50% do importe do coste estimado respecto da anualidade de 2023 da subvención destinada aos Concellos adheridos ao Plan Revitaliza para o nomeamento interino de dous mestres composteiros.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

## **POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**

### **MULLER E PERSOAS MAIORES**

#### **PRP2023/1779**

Vista a proposta da Área de Igualdade, en relación coa realización de actividades de sensibilización e promoción do colectivo LGTBI+, con motivo da celebración do Día do Orgullo o 28 de xuño:

- Representación do espectáculo de rúa; FLASHTOP CABARET o día 2 de xullo
- Proxección dun ciclo de cine coas películas: El amor es extraño; París is burning; 20.000 especies de abejas, os días 28, 29 e 30 de xuño no Salón García.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto, con cargo á partida 2312.22610, coas seguintes adxudicacións:

- Orzamento presentado por D. Nelson Quinteiro Roa para a realización dun espectáculo de cabaret de rúa, por importe de 1.870,00 €
- Orzamento presentado por Cine Club ADEGA para a proxección do ciclo de cine, por importe

de 1.150,00 €

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## CULTURA

### PRP2023/1844

En Xunta de Goberno Local de data 20 de marzo de 2023 acordouse aprobar a celebración dun ciclo de corais durante os meses de abril e maio en distintas igrexas parroquiais do Concello de Vilagarcía de Arousa.

Unha das actuacións previstas era a da Coral Pollifónica de Vilaxoán-Máximo Patiño Mendez, o día 6 de maio na Igrexa de San Martín de Sobrán, por un importe de 585,00 €.

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a modificación da data de actuación da Coral Pollifónica de Vilaxoán-Máximo Patiño Mendez, para o día 27 de maio de 2023, no mesmo lugar, e polo mesmo importe (585,00 €), con cargo á partida orzamentaria 334.22609.

### PRP2023/1843

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda o Recoñecemento de Obriga a favor dos participantes no Certame dos Maíos 2023, por importe total de 3.380,00 €, con cargo á partida 334.48100:

ANPA/ASOC./ INDIVIDUAL	CIF	CTA. BANCARIA	TITULO DOS MAIOS	IMPORTE
ANPA DO CEIP AREALONGA	ALONGA G36158731	ES82-3070-0038-6460-8762-1915	CÓNICO: O MAIO DO AREALONG CON LETRILLA + 25	150,00 €
			ARTÍSTICO: A VOLTA O MUNDO DE WILLY FOG- CON LETRILLA +25	150,00 €
			TOTAL	300,00 €
ANPA DOUTOR FLEMING	G36351823	ES38-2080-5542-2930-0000-5750	CÓNICO: MEIGA CON LETRILLA + 25	150,00 €
			ARTÍSTICO: VASOIRA E GATO NEGRO CON LETRILLA + 25	150,00 €
			TOTAL	300,00 €
ANPA A ESCARDIA	G36145209	ES09-2080-3122-1830-4000-6548	CÓNICO: O MAIO ENCANTADO CON LETRILLAL + 25	150,00 €
			ARTÍSTICO: A ESCARDIA CHE DA ÁS CON LETRILLA + 25	150,00 €
			CRUZ: A CRUZ DOS DESEXOS CON LETRILLA + 25	40,00€
			TOTAL	340,00 €
ANPA COLEXIO SAN FRANCISCO	G3612882	ES22-2080-5067-1730-4004-6853	CÓNICO: MONTEIXABRE	80,00 €
			ARTÍSTICO: TORRE DE HÉRCULES	80,00 €
			TOTAL	160,00 €
ANPA CASANOVA DE RUBIÁNS	G36204162	ES12-2080-1074-8130-4000-2890	CÓNICO:OS MAIS DE RUBIÁSN CON LETRILLA + 25	150,00 €
			ARTÍSTICO: PORQUE ISTO É A CIENCIA CON LETRILLA +25	150,00 €
			CRUZ DE MAIO: AI, QUE CRUZ!- CON LETRILLA + 25	40,00 €
			TOTAL	340,00 €
EDIHT MARCLA DIZ LUGO	35463730F	ES04-0081-5595-0000-0100-7702	CÓNICO: O NOSO MAIO	80,00 €

			ARTÍSTICO: A CASIÑA	80,00 €
			TOTAL	160,00 €
LUCIA DIÉGUEZ COUSO	35460691G	ES47-2100-1785-4102-0022-8895	CÓNICO: AVÓ	80,00 €
			ARTÍSTICO: MOLINO	80,00 €
				160,00 €
NATIVIDAD SEÑORÁNS CRESPO	35480699W	ES20-2080-5095-4530-0001-7358	CÓNICO: AS TULLAS	80,00 €
			ARTÍSTICO: VOO PRIMAVERAL	80,00 €
				160,00 €
SILVIA SOUTULLO VÁZQUEZ	76824560Y	ES62-0186-6001-8505-0680-1098	ARTÍSTICO: HÓRREO GALEGO	80,00 €
			TOTAL	80,00 €
JOSÉ ANTONIO OTERO PICHEL	44086209Q	ES98-0216-8556-3187-0046-7380	ARTÍSTICO: DINO MAIO	80,00 €
			TOTAL	80,00 €
FUNDACIÓN RESIDENCIA DIVINA PASTORA	G36017929	ES71-2080-5067-1730-0023-2030	CÓNICO: MAIO DIVINO	80,00 €
			ARTÍSTICO: BAILANDO A PRIMAVERA	80,00 €
			TOTAL	160,00€
ANPA O AÑO PITAÑO	G94030558	ES83-2080-1074-8130-4000-7723	ARTÍSTICO: : PAPAMOSCAS	80,00 €
			TOTAL	80,00 €
ALEJANDRO GARCÍA SERANTES	35486344N	ES83-2080-5174-9930-0000-7494	ARTÍSTICO: CULTURA JAPONESA	80,00 €
			TOTAL	80,00 €
SUSANA MOURE COBOS	35477268K	ES35-0182-0639-3102-0171-3183	CÓNICO: O RAI DO SOL	80,00€
			ARTÍSTICO: TRADICIÓNS GALEGAS	80,00€
			TOTAL	160,00€
PAULA LOUREIRO GARCÍA	35462844H	ES84-0182-0639-3702-0163-2758	CÓNICO: O MAIO	80,00€
			ARTÍSTICO: A CAPELA	80,00€
			TOTAL	160,00€
ALBA VÁZQUEZ COIRA	35486807S	ES34-2080-5095-4230-4000-2981	CÓNICO: CHEGOU A PRIMAVEIRA	80,00€
			ARTÍSTICO: PUNTA A BANDEIRA	80,00€
			TOTAL	160,00€
ANPA SAN MARTIÑO DO CEIP VILAXOÁN	G36271039	ES87-2080-5068-6330-4000-3415	CÓNICO: XEITOSA CON LETRILLA +25	150,00€
			ARTÍSTICO: O NOSO MAIO CON LETRILLA + 25	150,00€
			TOTAL	300,00€
ASOCIACIÓN SOCIOCULTURAL RECREATIVA CONTRA VENTO E MAREA	G36172260	ES64-2080-5067-1130-4001-6806	CÓNICO: O MAIO DOS DA LAXE CON LETRILLA (MÍNIMO 10)	100,00€
			CRUZ DE MAIO: A CRUZ DA LAXE CON LETRILLA (10 PARTICIPANTES)	40,00€
			CAIXA: A CAIXA DE SANTA MARTA CON LETRILLA (10 PARTIPANTES)	30,00€
			BARCOS: O BARCO ARRIBADO NA LAXE CON LETRILLA (10 PARTICIPANTES)	30,00€
			TOTAL	200,00€

### **PRP2023/1845**

Vista a solicitude de D. Germán Manuel Torres de Aboal, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festa do Santísimo Sacramento, o día 11 de xuño de 2023:

- Actuación da Agrupación Coro Parroquial Santa Eulalia por un importe de 335,00 €.

Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

## **CONTRATACIÓN**

### **PRP2023/1826**

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 20 de xuño de 2022, aprobou o proxecto técnico denominado “Urbanización de praciña na rúa Fontecarmoa” redactado polo arquitecto municipal, don Xoán Xosé Rodríguez Cuiña, cun importe de licitación de 10.368,87€ (IVE engadido).

As obras proxectadas veñen motivadas pola necesidade de mellora do acceso a unha pequena rúa anexa á rúa de Fontecarmoa, así como das condicións de evacuación das augas residuais.

Os traballos descritos no documento técnico de referencia contemplan o acondicionamento e completa execución dun ensanchamento nunha rúa anexa á rúa de Fontecarmoa, que serve de acceso rodado a algúns garaxes e a varias vivendas que na actualidade experimentan dificultades de entrada ás mesmas. Concretamente, as actuacións a realizar consisten en:

-Movemento de terras e demolicións.

-Pavimentación.

-Rede de saneamento.

Por todo o exposto, considérase imprescindible levar a cabo a obra de “Urbanización de praciña na rúa Fontecarmoa”, para proporcionar unhas correctas condicións de accesibilidade ás vivendas e garaxes sitos no pequeno vial anexo á rúa de Fontecarmoa.

Vista a necesidade xustificada, remitíronse invitacións solicitando orzamento ás tres empresas seguintes: MONCOSA OHS, S.A., MONTAJES J.M. IGLESIAS e MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L.

Foron recibidas as seguintes ofertas:

Licitador	Oferta (IVE excluído)	Oferta (IVE engadido)
MONCOSA OHS, S.A.	8.569,31 €	10.368,87 €
MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S L	15.497,54 €	18.752,02€

O orzamento deste proxecto ascende á cantidade de 10.368,87 € (IVE engadido).

Considérase un prazo de execución de 3 meses para a completa realización dos traballos.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Adxudicar o contrato de obras de “Urbanización de praciña na rúa Fontecarmoa” á mercantil MONCOSA OHS, S.A. (A15050958), por importe de 8.569,31 € (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 1799,56€, o que totaliza un importe de adxudicación (IVE engadido) de 10.368,87€, con cargo á partida orzamentaria 1530-61900.

2.- Nomear ao arquitecto municipal do Concello de Vilagarcía de Arousa, don Xoán Xosé

Rodríguez Cuña, como director de obra do investimento denominado CT 48/2022-e “Urbanización de praciña na rúa Fontecarmoa”.

#### **PRP2023/1846**

A Fundación Arquitectura COAM, representada polo seu xerente D. Miguel Lasso de la Vega, ten previsto a celebración dunha exposición sobre a obra fora de Madrid do arquitecto Antonio Palacios no Colexio Oficial de Arquitectos de Madrid, durante os meses de setembro 2023 a xaneiro de 2024 co motivo do 150 anos do nacemento de dito arquitecto.

Dado que o Concello ten no seu poder a obra denominada “Plano Anteproyecto de ensanche parcial, Vilagarcía de Arosa, 1922”, solicítase autorización do préstamo da citada obra para formar parte da exposición.

Xunto coa petición achega acordo para o préstamo de documentación onde se detalla os sistemas de seguridade, condicións ambientais e valoración da obra para o seguro.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda acceder ao solicitado, autorizando o préstamo da citada obra para formar parte da exposición.

#### **PRP2023/1865**

O ascensor RAE 3478 da Avda. da Mariña, 21 de Vilagarcía de Arousa, (antigo edificio da Comandancia), foi desarmado por estar o edificio, na actualidade, demolido.

Débase proceder a tramitar a BAIXA DEFINITIVA do mesmo no Rexistro de aparatos elevadores da Consellería de Industria, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, no procedemento IN605A accedendo ao expediente, através do código de acceso do ascensor facilitado en data 28 de abril de 2023 Rx Entrada 2023006407 polo Servizo de Coordinación Industrial da Consellería de Economía Industria e Innovación da Xefatura Territorial de Pontevedra.

Para levar a cabo dito procedemento é necesario o pago da taxa correspondente a dita tramitación por importe de 5,28 euros.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda proceder ao pago da taxa de 5,28 euros, con cargo á partida 920.22501, correspondente a Baixa Definitiva do Ascensor con RAE 3478 situado no edificio da Comandancia na Avda. de Mariña, 21 de Vilagarcía de Arousa, que na actualidade xa non existe, por estar demolido polo Concello.

#### **PRP2023/1876**

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 7 de novembro de 2022, adxudicouse á mercantil GALSUR PROYECTOS E OBRAS, S.L.U. o contrato de obras denominado “Mellora do firme en vías municipais nas parroquias de Zamar, Cornazo e Guillán”; por un importe de 194.042,26 € ao que lle corresponde un IVE (21%) de 40.748,87€, o que totaliza un importe (IVE engadido) de 234.791,13€; financiado pola Deputación Provincial de Pontevedra con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023.

O contrato administrativo foi asinado con data 15 de novembro de 2022, cun prazo de execución da obra de 3 meses contado a partir do día seguinte á sinatura da acta de comprobación de replanteo, que foi asinada o 14 de febreiro de 2023.

Con data 11 de maio de 2023 (registro WEB2023003283), dona Ángela María Fariña Otero, en representación da empresa adxudicataria GALSUR PROYECTOS Y OBRAS S.L. solicita ampliación de prazo de execución por 18 días laborables, ata o 12 de xuño de 2023.

Con data 12 de maio de 2023, o enxeñeiro técnico ao servizo do concello de Vilagarcía de Arousa,

don Óscar Álvarez González, en calidade de redactor do proxecto de referencia e director de obra, informa que estudados os motivos expostos para a ampliación de prazo, e a vista dos recursos e planificación realizada pola empresa para a execución do contrato, estimo que se trata dunha ampliación de prazo xustificada polo que se informa FAVORABLEMENTE, a ampliación de prazo de 18 días solicitados.

O investimento atópase financiado con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, que obriga a ter finalizadas as obras con data 31 de decembro de 2023, polo que a autorización da ampliación do prazo de execución cumpriría coa esixencia das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos.

Tendo en conta todo o exposto, os documentos obrantes no expediente, así como o informe emitido polo director de obra, de 12 de maio de 2023, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a ampliación do prazo de execución do contrato solicitada, ata o 12 de xuño de 2023.

## FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

### PRP2023/1839

De conformidade coa Operación “Desarrollo de planes de intervención para la inclusión” da EDUSI Vilagarcía Avanza e en relación ao contrato menor de servizos aprobado “Refuerzo Educativo”, tras a realización do traballo e a comprobación do mesmo polo departamento de Servizos Sociais, a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación e Recoñecemento da Obriga da seguinte factura:

PROVEEDOR	FACTURA	IMPORTE	APLICACIÓN	OBRA/SUMINISTRO/SERVICIO
NATALIA CECILIA SINGERMAN ORSOMARZO	2023004 REG 2023/3105	265,00€	231-2279917 AD 23-2792	Refuerzo Educativo. Marzo 2023
FINANCIACIÓN FONDOS FEDER: Línea de actuación Operación VLG_LA_17_ INCL, al Proyecto 2018-3-DUSI-3 y la aplicación presupuestaria 231-2279917				

### PRP2023/1840

De conformidade coa Operación “Desarrollo de planes de intervención para la inclusión” de la EDUSI Vilagarcía Avanza e en relación ao contrato menor de servizos aprobado “Refuerzo Educativo”, tras a realización do traballo e a comprobación do mesmo polo departamento de Servizos Sociais, a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación e Recoñecemento da obriga da seguinte factura:

PROVEEDOR	FACTURA	IMPORTE	APLICACIÓN	OBRA/SUMINISTRO/SERVICIO
NATALIA CECILIA SINGERMAN ORSOMARZO	2023005 REG 2023/3103	265,00€	231-2279917 AD 23-2792	Refuerzo Educativo. Abril 2023
FINANCIACIÓN FONDOS FEDER: Línea de actuación Operación VLG_LA_17_ INCL, al Proyecto 2018-3-DUSI-3 y la aplicación presupuestaria 231-2279917.				

### PRP2023/1841

De conformidade coa Operación “Desarrollo de planes de intervención para la inclusión” da EDUSI Vilagarcía Avanza e en relación ao contrato menor de servizos aprobado “Refuerzo Educativo”, tras a realización do traballo e a comprobación do mesmo polo departamento de Servizos Sociais, a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación e Recoñecemento da obriga da seguinte factura:

PROVEEDOR	FACTURA	IMPORTE	APLICACIÓN	OBRA/SUMINISTRO/SERVICIO
ELISA ESTÉVEZ RODRÍGUEZ	T/13 REG 2023/3104	780,00€	231-2279917 AD 23/2791	Refuerzo Educativo. Abril 2023
FINANCIACIÓN FONDOS FEDER: Línea de actuación Operación VLG_LA_17_ INCL, al Proyecto 2018-3-DUSI-3 y la aplicación presupuestaria 231-2279917.				

**PRP2023/1854**

Visto o expediente de gasto INT/2023/203 integrado pola relación de xustificantes F/2023/33 por importe de 58.033,37€.

Considerando que algunha das facturas engadidas nesta relación corresponden gastos que son contratos de subministro ou de servizos enviados fora de prazo polo provedor e que poden tramitarse como gasto corrente do exercicio 2023 e non vai afectar ás necesidades económicas do servizo ao longo do exercicio 2023.

Vista a fiscalización previa favorable da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda:

**PRIMEIRO:** Imputar o gasto do exercicio 2022 aos créditos das aplicacións do orzamento corrente para as facturas F/2023/2004 e F/2023/2005, incluída na relación Nº F/2023/33 por importe total de 139,46€

**SEGUNDO:** Recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2023/33 por importe de 58.033,37€ co seguinte desglose:

Nº de Entrada	Nº de Documento	Importe Total	Programa	Economica	Nombre	Texto Explicativo
F/2023/629	24674113	3.087,96	132	204	BANCO SANTANDER, S.A.	CUOTA DE ARRENDAMIENTO / CUOTA FINANCIACION PRIMA SEGUIRO
F/2023/1792	23 914	27,83	160	22199	SOBRINO G, S.A.	DISCO C/INOX 115x1x22 / DISCO LÁMINAS 115 G-40 / DISCO LÁMINAS 115 G-80
F/2023/1793	23 913	5,51	165	22199	SOBRINO G, S.A.	ESPUMA POLIURET.CÁNULA PU-46
F/2023/1806	23 915	98,82	165	22199	SOBRINO G, S.A.	VARILLA ROSCADA 975 12 INOX / VARILLA ROSCADA 975 14 INOX / ARANDELA CARROCERO 9021 14 INOX / TUERCA 934 14 INOX / ANCLA
